



SINDICATO DE TRABALLADORAS E TRABALLADORES DO ENSINO DE GALICIA www.stegsindicato.org

A CORUÑA-SANTIAGO Rosalía de Castro, 29; gal. Belén, 209. 15706 ST / tfno-fax: 981591939

LUGO Rúa Bolaño Ribadeneira, 20-2ºB. 27001 / tfno-fax: 982240066

OURENSE Rúa S. Domingos, 60; gal. Xesta-entrechán, 1. 32005 / tfno-fax: 988252323

PONTEVEDRA Rúa Gutiérrez Mellado, 3; gal. Oliva, 1-3º. 36001 / tfno-fax: 986857545

Comunicado

Tecnoloxía

“Todo aquilo que as persoas inventaron para solucionar os seus problemas”

Ante os últimos vaivéns e informacións cruzadas que se veñen dando desde o MEC e diversas asociacións sobre a presenza da Tecnoloxía no sistema educativo plantexado pola LOE, o STEG vese na obriga de manifestar a súa opinión sobre este tema.

Consideramos a materia de Tecnoloxía fundamental no sistema educativo, xa que entroncaba as distintas facetas da tecnoloxía nunha raíz máis fonda, humana e social, proporcionando unha percepción máis ampla do saber tecnolóxico, non como unha serie de ferramentas neutras e descargadas de interpretacións, senón como produtos da invención das persoas, cunha serie de usos, vantaxes, desvantaxes e repercusións que deben ser valoradas para situalas no lugar que lles corresponde no desenvolvemento humano.

Consideramos tamén que a Tecnoloxía, polas características concretas da súa docencia, presenta outras oportunidades de mellorar a educación dos nosos rapaces e rapazas, en aspectos como o traballo en equipo, integración multidisciplinar das distintas áreas, superación de prexuízos de xénero, valores de convivencia e cooperación, etc.

A nova reforma LOE, baseándose no acertado razoamento de que é preciso reducir o número de disciplinas nos primeiros cursos da ESO, reduce a un mínimo testemuñal a presenza da tecnoloxía no curriculum de Secundaria. Ao mesmo tempo, e sen que lles resulte contradictorio, permiten que se divida a materia en Tecnoloxía e en Informática (tamén o fai coas ciencias da natureza en bioloxía e xeoloxía e en física e química), algo que nós consideramos que compartimenta a educación tecnolóxica sen motivo. Os contidos de Informática xa estaban sendo cubertos dentro da Tecnoloxía, *cousa lóxica, xa que a primeira, tendo unha enorme importancia hoxe en día, é unha parte da segunda, e como tal debe ser enfocada a súa docencia.* Desde o MEC preséntase este tema como unha “loita” o profesorado das dúas materias para manter as súas horas, eludindo así falar de que o verdadeiro inimigo do profesorado de informática é a privatización de ciclos formativos, que se fai con fondos públicos que deberan servir para manter unha oferta de FP pública de calidade.

Por outra banda, ocúpase horario coa Relixión dentro do horario lectivo, contra o que o noso sindicato se manifestou en reiteradas ocasións, e inclúese unha nova asignatura de Educación para a Cidadanía, que consideramos non é a mellor maneira de tratar uns temas de valores e convivencia que pensamos deben seguir a ser transversais en toda a educación.

Ante isto o STEG reclama:

- Eliminación da Relixión do horario escolar.
- Eliminación da nova materia de Educación para a Cidadanía
- Manter a unidade de Tecnoloxía e Informática.
- Manter o carácter troncal da Tecnoloxía.
- Manter unha carga horaria coherente con este carácter.
- Eliminación da concertación da FP.

